


ORGANIZADO POR



Concello de Lugo

Concellería de Deportes

ccnos@concellodelugo.org

PATROCINADO POR

LARSA



COLABORAN



VIESGO

SIENTE EL SABOR™



CARTEL OFICIAL



Concello de Lugo

17th ccños

ccnos@concellodelugo.org

CALENDARIO 2017

- SÁBADO 14/01/2017 NOCTURNA MORNINGAL 18:00 h - Praça Mayor
- DOMINGO 12/02/2017 ESTADIA 250 RATO 12:00 h - Torre
- DOMINGO 12/03/2017 C 2 AS TERMAIS 16:00 h - Aderoadiro
- DOMINGO 09/04/2017 PASO O DIVINGIDO 12:00 h - Anxo Carro
- SÁBADO 03/05/2017 RECIBO FERRAL CONTRAFORNO EQUIPO 17:00 h - Carreras Circulo
- SÁBADO 07/05/2017 FINAL CIRCUITO MENORES 18:00 h - Praza Cultural
- DOMINGO 04/06/2017 FINAL CIRCUITO ADULTOS 14:00 h - Praza Fresa

CATEGORIAS 2017

- LIBRE (2000m)
- 2000 a 2500
- 2500 a 3000
- 3000 a 3500
- 3500 a 4000
- 4000 a 4500
- 4500 a 5000
- 5000 a 5500
- 5500 a 6000
- 6000 a 6500
- 6500 a 7000
- 7000 a 7500
- 7500 a 8000
- 8000 a 8500
- 8500 a 9000
- 9000 a 9500
- 9500 a 10000

GALA FINAL ENTREGA TROFEOS CIRCUITO

SPONSORS: Coca-Cola, SENTE EL SABOR, CALSA DE GAL, an Terras, viesgo, polusa, Federativos, RCF, norfino, MTC, nocillo.

ORGANIZERS: LUGO, aquaBona, GANONOP NORTE MYLAPS, LUDECO, POLICIALUGO, Cruz Vermella.

CALENDARIO XVII CIRCUITO LARSA CCNÓS

CARREIRA	DATA	HORA	PROBA	SAIDA	OUTROS
1ª CARREIRA	SABADO 14 XANEIRO 2017	18:00 H	NOCTURNA MONUMENTAL (SAIDA PRAZA MAIOR)	18:00 MENORES 19:00 ADULTOS	DUCHAS PISTAS ATL. CIUDAD CULTURAL
2ª CARREIRA	DOMINGO 12 FEBREIRO 2017	12:00 H	ESTRADA RIO RATO SAIDA TOLDA	12:00 MENORES 12:45 ADULTOS	APARCADOIRO E DUCHAS PISTAS ATL. GREGORIO PEREZ RIVERA
3ª CARREIRA	DOMINGO 19 MARZO 2017	12:00 H	C.C. AS TERMAS	12:00 MENORES 12:45 ADULTOS	DUCHAS PISCINA FRIGSA
4ª CARREIRA	DOMINGO 09 ABRIL 2017	12:00 H	PASEO OMBREIRO (SAAMASAS-ANXO CARRO)	12:00 MENORES 12:45 ADULTOS	DUCHAS POLIDEPORTIVO PALOMAR
5ª CARREIRA	SÁBADO 20 MAIO 2017	11:00 H	RECINTO FEIRAL CONTRARELOXO POR EQUIPOS CATG. ADULTOS	12:00 H ADULTOS	DUCHAS POLIDEPORTIVO PALOMAR
	SABADO 20 MAIO 2017	17:00 H	RECINTO FEIRAL PAZO DE FEIRAS E EXPOSICIONS	17:00 MENORES 17:45 ADULTOS	
6ª CARREIRA MENORES	SÁBADO 3 XUÑO 2017	17:00 H	<u>FINAL MENORES</u> PISTAS ATLE. CIUDAD CULTURAL	17:00 MENORES	DUCHAS PISTAS ATLETISMO
6ª CARREIRA ADULTOS	DOMINGO 4 XUÑO 2017	12:00 H	<u>FINAL ADULTOS</u> PARQUE DE FRIGSA	12:00 ADULTOS	DUCHAS PISCINA MPAL FRIGSA

CATEGORÍAS E DISTANCIAS 17 CIRCUÍTO LARSA CCNÓS

- 1ª PROBA (ata 500 mt.)
 - CATEGORÍA:
 - MINIBENXAMÍN----- (NADOS 2010 - 2012)
- 2ª PROBA (entre 1.000 mt. e 2.000 mt.)
 - CATEGORÍAS :
 - BENXAMÍN -----(Nados entre 2008 - 2009)
 - ALEVIN -----(Nados entre 2006 -2007)
- 3ª PROBA (entre 2.000 mt. e 3.000 mt)
 - CATEGORÍAS:
 - INFANTIL -----(Nados entre 2004 - 2005)
 - CADETE -----(Nados entre 2002 - 2003)
- 4ª PROBA (entre 3000 mt. e 6000 mt.)
 - JUVENIL----- (Nados entre 1996 - 2001)
 - JUNIOR----- (Nados entre 1991 - 1995)
 - PROMESA----- (Nados entre 1986- 1990)
 - SENIOR ----- (Nados entre 1981 - 1985)
 - VETERÁN/A A----- (Nados entre 1976 - 1980)
 - VETERÁN/A B----- (Nados entre 1971 - 1975)
 - VETERÁN/A C ----- (Nados entre 1966 - 1970)
 - VETERÁN/A D ----- (Nados entre 1961 - 1965)
 - VETERÁN/A E ----- (Nados entre 1956 - 1960)
 - VETERÁN/A F ----- (Nados en 1955 e ANTERIORES)

INSCRICIÓNS PARA O CIRCUÍTO

- Inscricións para a primeira proba do Xoves 22 de Decembro ata o Martes 10 de Xaneiro de 2017 ás 23:59 h.
- Despois da primeira proba do circuítio, poderanse inscribir tod@s aqueles/as que non o fixeran ata as 23:59 h do Martes da semana correspondente á celebración de cada carreira.
 - Esta data poderá ser modificada previamente pola Organización por causas organizativas sendo anunciado previamente.

As inscricións faranse na páxina www.championchipnorte.com , buscando o evento Corre con Nós.

Tod@s @s menores de idade deberan de inscribirse co consentimento expreso do pai/nai ou titor legal.

RECOLLIDA DE DORSAIS E CHIPS ATLETAS INSCRITAS/OS

- Sábado 14 de Xaneiro de 10:00 h a 14:00 h .
- Centro Comercial As Termas
- Para o resto de probas:
 - Tenda de deportes NDORFINA SPORTS (Campo Castelo N°57. Lugo)
 - Xoves - Venres - Sábado na semana correspondente a cada proba, no seu horario comercial.

NON SE ENTREGARÁN DORSAIS O MESMO DIA DAS CARREIRAS POR CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS.

*Os atletas que o desexen tamén poden elixir outros métodos de recollida do seu dorsal segundo as opcións que lles ofrecerá ChampionshipNorte durante a inscrición.

** Se non tes CHIP doutros anos, e o adquireche por internet, deberás de recollelo co teu dorsal.

OBLIGATORIEDADE DE PORTAR O CHIP E O DORSAL EN CADA PROBA

- Hai un **ÚNICO dorsal para todo o circuío** que se recollerá unicamente na primeira proba do mesmo na que se participe, **E OBRIGATORIO LEVAR O DORSAL EN TODAS AS PROBAS**, e non alterar nin manipular o mesmo tapando ou ocultando parte da publicidade impresa, podendo no caso contrario a Organización descualificar ao/á corredor/a.
- **Para participar neste circuío é OBRIGATORIO** portar en cada carreira o chip de Championchip para poder saír nas clasificacións (se non o tes poderalo *adquirir ao facer a túa inscrición no circuío na páxina de www.championchipnorte.com*) e tamén portar o dorsal claramente colocado na parte frontal da camiseta.
- **O atleta que non porte o chip** non poderá entrar na clasificación da proba e non lle contará de ningún xeito para a clasificación final do circuío.
- **O atleta que non porte o dorsal**, non terá dereito ó avituallamento final de carreira e deberá desviarse do embudo final o rematar a súa carreira pois non poderá ser identificado pola organización como participante do circuío Larsa Corre con Nós, podendo chegar a ser descualificado se así o estima a organización de carreira por non cumprir o regulamento.
- **Os CHIPS son persoais e intransferibles** polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión do circuío do portador e do/a atleta que foi suplantado/a , anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición no circuío.
- **No caso de Perda do Chip**, o/a atleta poderá mercar outro a través da páxina de Championchip o mesmo prezo de 20 € adultos / 5€ menores (aluguer).
- **No caso de Perda ou Rotura de Dorsal**, poderá solicitar un segundo dorsal dentro dos prazos para novas inscricións indicadas para cada proba á Concellería de Deportes en ccnos@concellodelugo.org

USO DO CHIP POLAS CATEGORIAS MENORES
BENXAMÍN - ALEVÍN - INFANTIL - CADETE

Todas as categorías. exceptuando a MINIBENXAMIN terán que levar un CHIP Championship VERDE que alugarán no momento da inscrición.

Deberán de aboar unha **FIANZA RESPONSABLE** de 5 € no momento da inscrición por internet.

Na derradeira proba do circuíto deberá de devolverse o Chip Verde , unha vez finalice a mesma e feita a comprobación por parte de ChampionshipNorte posteriormente a partires do 30 de xuño de 2017 seranlle devoltos os 5 € da fianza que aportou polo mesmo sistema polo que os pagou.

A perda do chip conlevará á perda da fianza e o/a atleta terá que voltar a alugar un novo chip por internet na páxina de championshipnorte.com

Os chips recolleranse xunto co dorsal antes da primeira proba que o/a atleta vaia a disputar e seguindo os prazos marcados pola organización

LIGAS E CLASIFICACIÓNS DO XVII CIRCUÍTO LARSA CENÓS

CLASIFICACIÓNS INDIVIDUAIS DE MENORES

❖ CLASIFICACIÓN LARSA DE CADA CARREIRA DO CIRCUÍTO :

- Esta é a clasificación por categorías en cada unha das 6 probas.
- Categorias BENXAMÍN - ALEVÍN - INFANTIL - CADETE
 - *Trofeo para @s gañadoras/es de cada unha das categorías Feminina/Masculina*
 - *BENXAMIN-ALEVIN - INFANTIL - CADETE*
 - *Medalla de Prata para @ segund@ clasificad@ de cada categoría.*
 - *Medalla de Bronce para @ terceir@ clasificad@ de cada categoría.*

❖ LIGA MENORES :

- **CLASIFICACIÓN FINAL INDIVIDUAL POR CATEGORÍAS Fem. / Mas.**
 - BENXAMÍN - ALEVÍN - INFANTIL - CADETE
 - Deberase Puntuar en 5 das 6 probas.
 - Poderase descartar 1 proba non asistindo ou automaticamente se eliminara o peor resultado.
 - ❖ *Trofeo + Diploma Honorífico para os 3 primeiros clasificados finais de cada unha das categorías.*
 - ❖ *Diploma Honorífico para os postos finais do 4º ó 6º de cada categoría.*

LIGAS E CLASIFICACIÓN DO XVII CIRCUÍTO LARSA CENÓS

CLASIFICACIÓN INDIVIDUALS ABSOLUTAS

❖ CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL POR CATEGORÍAS

- Este circuito será puntuable en cada carreira en función da clasificación por categorías.
- Para entrar na clasificación final deberá de participar polo menos en 5 das 6 probas que compoñen o circuito para poder optar os premios finais para os/as tres primeiros/as de cada categoría.
- A puntuación alcanzada irá en función do posto categoría acadado en cada unha das probas: 1º-1 pto / 2º - 2 pto / 3º - 3 pto..... de xeito que a puntuación canto menor sexa significará mellor posición.
- Se o/a atleta finaliza todas as probas descartará automaticamente o peor posto puntuando cos seus mellores seis resultados acadados.
 - *Trofeo + Diploma Honorífico para as 3 primeiras Clasificadas de cada Categoría Absoluta.*
 - *Trofeo + Diploma Honorífico para os 3 primeiros Clasificados de cada Categoría Absoluta.*

❖ CLASIFICACIÓN XERAL INDIVIDUAL:

- Para puntuar neste circuito terás que participar en 5 das 6 probas que compoñen o circuito.
- Se corres 6 probas poderás descartar unha carreira, e puntuarás cos teus mellores 5 postos sexo para a xeral individual.
- En caso de empate entre atletas para a xeral final:
 - Maior número de probas disputadas
 - Mellor resultado nas carreiras disputadas
 - Mellor resultado na proba final (Frigsa).

LIGAS E CLASIFICACIÓNS DO XVII CIRCUÍTO LARSA CENÓS

- **Haberá:**
 - **CLASIFICACIÓN FINAL XERAL INDIVIDUAL FEMININA**
 - *Trofeo e Diploma Honorífico para as 3 primeiras Clasificadas Absolutas.*
 - *Diploma Honorífico para as clasificadas do 4º ó 6º posto*
 - **CLASIFICACIÓN FINAL XERAL INDIVIDUAL MASCULINA**
 - *Trofeo + Diploma Honorífico para os 3 primeiros Clasificados Absolutos.*
 - *Diploma Honorífico para os clasificados do 4º ó 6º posto*

❖ CLASIFICACIÓN FINAL ABSOLUTA CIRCUÍTO LARSA CORRE CON NÓS 2017:

- Clasificación FINAL COMPENSADA do circuÍto absoluto.
- En cada carreira publicarase unha clasificación por xénero compensada en función da idade e distancia da proba según as táboas da Asociación Mundial de Atletas Masters
https://championchipnorte.com/uploads/files/2017/XVII%20CORRE%20CON%20NOS/tablas_IAAF_ruta_compensadas.xls
- Sumando os cinco mellores postos de cada atleta publicarase unha clasificación do circuÍto compensada, aplicándose o mesmo criterio de desempate que na clasificación absoluta.
 - *Trofeo e Diploma Honorífico para @s 3 primeir@s clasificad@s do Circuíto.*
 - *Diploma Honorífico para os postos 4º ó 6º da clasificación Final.*

LIGAS E CLASIFICACIÓNS DO XVII CIRCUÍTO LARSA CCNÓS

CLASIFICACIÓNS GRUPAIS POR EQUIPOS

❖ CLASIFICACIÓN XERAL POR EQUIPOS ABSOLUTOS

- Habará Clasificación por Equipos nas diferentes categorías:
 - XERAL EQUIPOS MASCULINOS : puntúan **6 homes**
 - XERAL EQUIPOS FEMININOS : puntúan **6 mulleres**
 - XERAL EQUIPOS MIXTOS : puntúan **3 Homes + 3 Mulleres**
 - O formar parte dun equipo Masculino ou Feminino descarta o/a atleta para formar parte dun Mixto e viceversa.
 - Para puntuar en cada carreira deberán de facelo cun mínimo de **atletas tal como se define**.
 - O equipo deberá de puntuar nas 6 carreiras do circuító.
 - A través da plataforma de Championchip: EQUIPOS CCNOS 2017
 - O/A atleta debera de seguir os pasos da plataforma para darse de alta nun equipo sempre habéndose dado de alta previamente como atleta en Championchipnorte.com.
- ❖ O prazo para a configuración dos equipos remata o **Martes 07 de FEBREIRO de 2017**, o equipo que figure ese dia na conta do atleta é o que pasará a formar parte durante todo o circuító sen posibilidade de cambios nin rectificacións pois a plataforma non o permitirá.
- ❖ As/os atletas na súa inscrición deberán de reflexar o mesmo nome de equipo para que se faga efectivo na clasificación.
- ❖ As atletas femininas puntúan por postos dentro da xeral feminina e os atletas masculinos o mesmo na xeral masculina.

O/A ATLETA QUE NON PORTE DORSAL OFICIAL OU O TEÑA MANIPULADO NA SÚA ENTRADA Á META, poderá ser descualificado e eliminado da clasificación por equipos, polo que pasaría a puntuar o seguinte compoñente que entre en meta.

- ❖ *Trofeo para os 3 primeiros Equipos Clasificados de cada Categoría*

LIGAS E CLASIFICACIÓNS DO XVII CIRCUÍTO LARSA CENÓS

❖ LIGA ESCOLAR

▪ CLASIFICACIÓN PARTICIPATIVA FINAL POR COLEXIOS .

- O/A atleta menor elixirá na súa inscrición ó colexio no que actualmente cursa estudos.
- Trátase dunha clasificación basicamente PARTICIPATIVA.
- Cada atleta sumará un punto para o seu colexio con cada participación.

❖ *Premio para os 3 Primeiros Colexios clasificados* (informarase o longo do circuito)

❖ CLASIFICACIÓN FAMILIAR


- Para participar na clasificación por familias os atletas deberán indicar na inscrición o nome da familia e o dni da persoa que actúe como capitán ou cabeza de familia. Este último deberá estar tamén inscrito ó circuito e deberá haber unha relación familiar de primeiro grao con el (fillos, pais e irmáns en tódolos casos tanto naturais como políticos ademais conxugues). O prazo de configuración remata o 7 de febreiro
- Cada familia puntuará cos tres mellores resultados por categoría en cada carreira, obtendo tantos puntos como suma deses tres mellores postos acadados en cada categoría. En caso de non finalizar un mínimo de tres participantes o resultado descartarase para o cálculo do global.
- Para calcular a a puntuación global sumaranse as cinco mellores puntuacións obtidas pola familia ó longo do circuito.
- Premio para as 3 mellores familias clasificadas o final do circuito. En caso de empate favorecerase á familia que mais participacións individuais sume e, en caso de persistir, a que mais quilómetros recorrera.

RESULTADOS DE CADA PROBA

- Os/as atletas poderán comprobar o seu resultado **escaneando** no seu dorsal o **código QR** mediante o seu teléfono móbil.
- Aparecerán o mesmo día da proba na páxina www.championchipnorte.com , e posteriormente publicaranse as clasificacións xerais e por categorías no diario local El Progreso.

OBSERVACIÓNS FINAIS

- **O FEITO DE INSCRIBIRSE NESTA CARREIRA IMPLICA A ACEPTACIÓN DESTE REGULAMENTO** e declara recoñecer e aceptar que a Organización poderá facer uso das imaxes das probas con fins puramente informativos e promocionais do evento.
- Todos os participantes, estarán cubertos por un seguro da proba
- De acordo co que establece a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro, da protección de datos de carácter persoal, o participante poderá exercer o seu dereito de acceso a estes ficheiros co obxecto de rectificar ou cancelar de forma parcial ou total o seu contido. Para exercitar este dereito deberá solicitalo nas direccións indicadas na ficha de inscrición.
- Os organizadores e colaboradores das probas non se farán responsables dos danos morais, materiais ou persoais que así mesmos e a outras persoas ocasionen ós participantes das carreiras.
- Dado o carácter estritamente deportivo e popular destas probas, non se admitirán reclamacións sobre os resultados das carreiras. A participación leva implícita a aceptación do Regulamento do circuíto CCNOS.
- A partir da segunda proba poderán inscribirse todos/as os novos/as atletas que queiran segundo as condicións anteriormente expostas no regulamento, e sempre e cando haxa dispoñibilidade de dorsais e chips
- **HABERÁ UNHA GRAN GALA FINAL NA QUE SE ENTREGARÁN TODOS OS PREMIOS CORESPONDENTES AS CLASIFICACIÓNS INDIVIDUAIS E GRUPAIS DA QUE SE INFORMARÁ Ó LONGO DO CIRCUITO A TOD@S @S ATLETAS.**



Concello de Lugo

Concellería de Deportes

